

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Sandra Beis Silva (2015): “Dicionario dos apelidos galegos”. *Gallæcia – III Congreso Internacional de Linguística Histórica*. Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

Sandra Beis Silva

Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela  
sandra.beis@usc.es

## INTRODUCCIÓN

O proxecto do *Dicionario dos apelidos galegos*, coordinado pola investigadora Ana Isabel Boullón Agrelo e no que participan tamén Gonzalo Navaza Blanco, Antón Palacio Sánchez e Luz Méndez Fernández, conterà ao redor de 6.000 formas entre lemas principais e secundarios. Trataranse os apelidos galegos con frecuencia superior a 30 en canto a número de ocorrencias, amais daqueles que, malia non chegar a esta cifra, poden ser de interese común.

**Barxe, Barge** (f.a.) 293, **Barje** (f.a.) 5. Toponímico: *A Barxe* (San Miguel de Tabagón, O Rosal, Po); tamén existe como microtopónimo. Aínda que foneticamente podería proceder do nome latino *Bargius*, a través dun nome de posesor en xenitivo, nunha secuencia como *villa Bargi*, é máis probable que se trate dunha variante de *barxa* (véxase o apelido) con relaxación da vogal final; así o parecen indicar as documentacións históricas, onde aparece con artigo. Rexistrámolo en cadeas onomásticas desde o séc. XVI: *Alonso de Barge*, veciño de San Lourenzo de Piñor (Barbadás, Ou) a.1526, *Antonio da Barxe*, veciño de Ganade (Xinzo, Ou) a.1539, *Álvaro da Barxe*, veciño do coto de Piñor (Barbadás, Ou) a.1543. Os apelidos que hai hoxe pola zona de Vigo poden vir do topónimo do Rosal, pero onde máis se rexistran é en Xinzo de Limia, onde existiu un lugar *Barxe* na parroquia de San Bartolomeu de Ganade, como testemuña o Catastro de Ensenada desta localidade (*Barxe* en PARES), e como vemos reflectido nas atestacións medievais.

Entrada prototípica do *Dicionario dos apelidos galegos*

## COMPONENTES DA ENTRADA

O artigo lexicográfico componse do lema ou entrada, en galego, seguido do número de ocorrencias e as posibles variantes formais, ben sexan estas formas anómalas (f.a.), grafías anómalas (g.a.) ou correlatos noutras linguas. A esta información engádeselle a clasificación semántica, a información etimolóxica e a área de dispersión do apelido, especialmente significativo no caso de falarmos dun apelido toponímico. Finalmente, ofrécese información documental referida ao nome persoal.

## CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA


Patronímico	Toponímico	Sobrenome	Xentilicio
<ul style="list-style-type: none"> <li>Os máis frecuentes en canto a número de ocorrencias.</li> <li>Imposición máis habitual na Alta Idade Media.</li> <li>Os máis frecuentes en Galicia son <i>Rodríguez</i>, <i>Fernández</i>, <i>González</i>, <i>López</i> e <i>García</i>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Indicativo do lugar de residencia ou do lugar de procedencia.</li> <li>Constitúen o corpus máis variado do repertorio onomástico galego pola diversidade de formas.</li> <li><i>Castro</i>, <i>Igrexas</i>, <i>Outeiro</i>, <i>Piñeiro</i> e <i>Pereira</i> son os máis frecuentes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fan referencia a unha característica física ou psicolóxica do portador.</li> <li>Na súa orixe os máis frecuentes foron os alcumes, entre os que destacan os sobrenomes profesionais.</li> <li><i>Branco</i>, <i>Varela</i>, <i>Rei</i>, <i>Barreiro</i>, <i>Romeu</i>, <i>Santos</i> e <i>Ferreiro</i>.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Indican o lugar de procedencia do portador.</li> <li>Está a medio camiño en tre o topónimo e o sobrenome.</li> <li>Poden facer referencia a exónimos (<i>Navarro</i>, <i>Cordobés</i>) ou ben a topónimos galegos (<i>Bouzán</i>, <i>Carballés</i>).</li> </ul>

## A INFORMACIÓN DOCUMENTAL

Cada entrada do dicionario contén, ademais da información etimolóxica, atestacións documentais que axudan a apoiar unha hipótese ou ben documentan a existencia do nome persoal nas cadeas onomásticas nun momento histórico concreto. Para iso, contamos con bases de datos de creación propia, elaboradas a raíz do proxecto PatRom (1990) a partir de edicións críticas de fiabilidade ecdótica. A base de datos conta cun total de 69.437 rexistros repartidos en dúas táboas: unha delas abrangue textos dos séculos VIII ao XV, mentres que a outra do XVI ao XIX, e ademais de información onomástica, recollen datos relativos ó lugar de procedencia, as profesións e as relacións familiares. A isto sumámoslle a información tirada doutros corpus medievais (TMILG e CODOLGA) e de documentos inéditos dos Arquivos Históricos como son o da Catedral de Santiago (ACS), o Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS) ou o Catastro do Marqués de Ensenada, dipoñible no Portal de Archivos Españoles (PARES).

Prenome	Cadea onomástica	Lugar	Data	Fonte
[Pedro] = [Petru]	[San-] = [santo de Ourense / bispo de Ourense] = [Johannis = [Petru] = [Pedro]]	Ourense	13.1278(ori)	CDStoCombaNaves 62, 63, 64, 7
[Berjo]	[Berjo] = [Berjo]	Ourense	13.1228(ori)	CDStoCombaNaves 17
[portugues]	[capiteiro (o)]	GA-Ou-1	15.1483	DocDevOurense 2, 204
[Bujero]	[comendador de Loo]	Vilar de Do	15.1247(ori)	Boec-1260 f
[Boslan]	[frances (o)]	GA-Ou-1	15.1487	DocDevOurense 2, 211
[Tereya = Tarceya]	[Gonçalvez = Gonçalvez = Gonçalves = Gonçalves (morador en Unles)]	Ourense	15.1474(ori)	CDStoCombaNaves 228
[Vicijurus]	[bispo de Burgos]	Ourense	12.1135	CDStoCombaNaves 1
[Vicencius]	[bispo de Segovia]	Ourense	12.1135	CDStoCombaNaves 1
[ymaao de Juan Soutiño (o)]		GA-Ou-1	15.1483	DocDevOurense 2, 206
<Adheretum conf.	[abba]		11.1072(ori)	DocSantiago 408
<Adulfus conf.			10.913(ori)	CatDoSantiago 105
<Algerito	[et uxore sua Uirgili]		11.1069(ori)	CDCarboeiro 266
<Brandericus			10.940(ori)	CDCoruña 117
<Christoforus			10.954(ori)	CDCarboeiro 248
<Cristina	[dona]		Sobrado de	11.1225(ori)
<Cristobal			Babais, Vig	10.942
<Eglio	[Gunsalviz]	GA-Ou-1	11.1036	TCelanova 659
<Elisavica	[suore sua] [Vimaredo]	Santiago	10.988(ori)	CDCoruña 198
<Eluira	[condessa donna]		12.1140(ori)	CDCarboeiro 291
<Ernesinda			11.1025(ori)	DocSantiago 403
<Estevan	[de] [Roales (pai de Munio)]	ES-2A	13.1222	Tsobrado II 210
<Flamula	[Fernandiz]		12.1133(ori)	CDCarboeiro 299
<Fredalfus			11.1068(ori)	CDCarboeiro 287
<Gunderendus	[Fredemanz]	Santiago	10.983(ori)	CDCoruña 175
<Gunsalvus		GA-Ou-1	12.1151	DocKadur 328
<Gunsalvao	[Unersautz]		11.1052(ori)	CDCarboeiro 252
<Guilherme	[Pelagii miles]		11.1244(ori)	CDCarboeiro 357
<Guilhermus			12.1151	DocKadur 328
<Martini			10.932(ori)	CDCoruña 112
<Oveco	[et de donna Luja] [avos nostros] [Velaso Fernandiz]	GA-Ou-1	11.1074	TCelanova 678
<Ovella	[vella]		11.1072(ori)	CDCoruña 127
<Ovendulfus	[abba]		12.1126(ori)	CDXubia 77
<Rodrigo	[Goncalvit]		11.1072(ori)	DocSantiago 409
<Romeus	[temouano]		10.974(ori)	CDCoruña 167
<Rambolina	[filla de Daniel]	Cumbras	10.974(ori)	CDCoruña 167
<Raimundus	[Alaminus apud CDCorufa]		11.1025(ori)	CDCarboeiro 254 + CDCoruña 14
<Romeus	[Vermud pr.]		12.1159(ori)	CDCarboeiro 348
<Vimaredo			11.1025(ori)	DocSantiago 403
<Vistruanus	[ep.]	GA-Ou-1	11.1024(ori)	DocSantiago 402
Alferrico			13.1224	DocKadur 311
Aldefonso	[principe]		09.867(ori)	CDCoruña 158

Táboa correspondente ós séculos VIII-XV



Mitoyro (PARES) a.1388


Binado de gomez Romeu Ezeon fue  
ta notario hecho por Juan bugalini  
ia de acaico a an ton arvaco En el m  
to lozes del agudo de fonte fepe  
mines de centeno Encado en anio pol  
vrezlo h fuezo a comena Anodonah

Anton d'Ayaco (AHUS) a.1556


## A IMPORTANCIA DA LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

A localización xeográfica dun nome persoal axuda a corroborar o alcance e difusión do mesmo, xa que ata o século XX a mobilidade xeográfica da poboación foi bastante limitada.

O topónimo *Brocos* localízase no concello de Agolada (Pontevedra), preto dos concellos de máis concentración do apelido




Mapa correspondente á distribución do apelido toponímico *Brocos*




Mapa correspondente á distribución do apelido *Rodríguez*, o máis frecuente con 236756 ocorrencias.

## A VONTADE NORMALIZADORA DO DICIONARIO

Debido á situación de contacto de linguas e á situación do galego durante os séculos escuros, moitas formas galegas sufriron un proceso de deturpación que deu lugar a formas híbridas ou castelás, chegando en moitos casos a desprazar por completo a forma orixinal. O dicionario ten a vontade de restituír e normalizar a forma galega, que será a escollida para encabezar o artigo lexicográfico correspondente.



Mapas correspondentes á distribución das formas *Romero* (cast.), con 20086 ocorrencias, e *Romeu* con 336 portadores.



orzes Enno Ecomo hiño Epº  
lanoua arvaca Enzou tud de  
de gomez Romeu Ezeon fue  
tario hecho por Juan bugalini  
lezo a an ton arvaco En el m

*Romeu* (AHUS) a.1556